



VIM  
IAN  
ZO

*Vimianzo  
Do mar á terra*

**ARTES DE PESCA  
E MARISQUEO**





## QUE SON AS ARTES DE PESCA?


Son os distintos útiles empregados para a pesca ou marisqueo e que varían segundo as especies que se queiran capturar. Atopamos artes maiores e menores. Estas últimas, polo seu alto grao de selectividade, son as consideradas máis sostibles e forman parte da pesca artesanal.



## QUE ARTES EMPREGAN OS MARIÑEIRO S DA COSTA DA MORTE?

Nesta lista, as artes de pesca están ordenadas de maior a menor grao de selectividade.

- **Nasas:** De forma cilíndrica, conta cunha superficie rodeada dunha malla. Dentro do aparello introdúcese o cebo. Coa nasa captúrase o polbo, a nécora ou o santiaguíño.




Nasas

- **Palangre:** É unha arte de pesca caracterizada polo emprego de anzois. Distínguense dous tipos de palangre:


**De fondo:** como o seu nome indica utilízase para as especies que viven nas proximidades dos fondos tales como a dourada ou o mero.

**De superficie:** captura especies peláxicas coma o peixe espada.

- **Palangrillo:** É o mesmo ca o palangre de fondo pero de pequenas dimensións. Emprégase na pesca artesanal para capturar especies coma o rodaballo, ollomol, abadexos, robalizas ou congros.




Palangre



- **Miños:** Están formados por tres panos. Empréganse para pescar o rodaballo, o linguado, a xuliana e tamén crustáceos como o centolo ou o boi.
- **Trasmallos:** Coma os miños, tamén teñen tres panos, aínda que de diferente dimensión e material. Empréganse para a pesca de robaliza, sargo ou maragota.
- **Betas:** Arte dun só pano. Bótanse ao mar de madrugada e recóllense ao amencer. Con elas captúrase a pescada, a faneca, o abadexo, o xurelo...
- **Volantas:** Semellantes ás betas pero cunha malla de maior tamaño. A pescada, o mero, o pancho ou o xurelo son capturados con esta arte de pesca.

- **Rascos:** Artes dun só pano de gran dimensión na malla. As principais especies que se capturan son o rodaballo, o sanmartiño, o rape, a lagosta e o lubrigante.
- **Cerco:** Como o seu nome indica, a captura realízase rodeando o peixe e pechándoo pola parte inferior, dando lugar a un embolsamento onde as especies quedan retidas. É unha arte usada para a pesca da sardiña ou xurelo, así como ás veces a robaliza ou sargo. Esta arte non está incluída na modalidade de pesca artesanal.



cerco

## E AS MARISCADORAS E OS MARISCADORES?

O marisqueo é a forma de captura máis selectiva. Distínguense dous tipos.

- **Marisqueo a pé:** Exercido en praias e rochas, as artes empregadas son moi sinxelas e coinciden cos apeiros de labranza. Por exemplo, o sacho para as ameixas e berberechos, e a rasqueta, empregada polos percebeiros.
- **Marisqueo a flote:** Realízase dende embarcacións, e os aparellos usados adoitan ser o raño e a gancha, máis lixeiros ca os rastros. Son técnicas manuais, e con elas recóllese a ameixa, por exemplo.

Tamén se practica outra modalidade de marisqueo. Trátase do **mergullo**. Na Costa da Morte estes mariscadores somérense na auga para capturar manualmente especies coma o ourizo ou o longueirón. Débena facer en apnea, sen a axuda de equipos de respiración. Esta modalidade esixe unha gran preparación física.

O marisqueo é unha actividade que desenvolven os profesionais autorizados. Deben de contar cun permiso que os habilita para poder extraer marisco atendendo ás normas dos



plans de explotación correspondentes. Estes programas regulan as épocas, as zonas, as especies e a cantidade máxima de produto que pode extraer o mariscador profesional.

A práctica do furtivismo, independentemente da cantidade de produto extraído, está perseguida pola lei, e constitúe unha infracción que carrega importantes sancións económicas.





[www.domaraterra.com](http://www.domaraterra.com)



[www.accioncost.eina.es](http://www.accioncost.eina.es)  
Europa inviste na pesca sustentable



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo de Pesca



GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN  
Y MEDIO AMBIENTE



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
E DO MAR



CONCELLO  
de VIMIANZO